

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E O CONCELLO DE ORDES PARA A COORDINACIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DO FIRME NO VIAL PRINCIPAL DO POLÍGONO DE MERELLE, AC-408"

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, José Luis Martínez Sanjurjo, na súa condición de alcalde do Concello de Ordes, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- A estrada AC-408, que actualmente forma parte da Rede Autonómica de Estrada de Galicia, é un vial de gran importante tanto para a Xunta de Galicia como para o concello de Ordes, e dende o seu deseño e construción houbo unha forte colaboración entre ambas administracións para materializala e para manter a súa funcionalidade. Fora construída pola Xunta de Galicia en virtude dun convenio asinado o 27 de febreiro do ano 2009. O 26 de abril de 2012 foron recibidas as obras e, de acordo co establecido no convenio, o concello de Ordes asumiu a súa titularidade. Finalmente, o 8 de xuño de 2016 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto polo que se aprobou o cambio de titularidade de varios treitos de estradas autonómicas e locais entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ordes, entre os que se atopaba a actual estrada AC-408, ademais da actual AC-419, a estrada Ordes – Cerceda por Mercurín. A acta de entrega pola que se formalizaron as transferencias foi asinada con data de 9 de xuño de 2016. Con estes cambios de titularidade racionalizouse a rede de estradas neste concello, de modo que cada administración asumise o viario que lle correspondía en función da súa funcionalidade, ademais de permitir que a Xunta de Galicia puidese acondicionar como actuación propia a estrada entre Ordes e Cerceda.





Segundo. O treito final da estrada AC-408 é especialmente relevante para o concello de Ordes. Vertebrar un importante parque empresarial, ao que lle dá servizo directo, e polo tanto ten certo carácter de vial urbano ao contar con este solo urbano industrial en ambas as dúas marxes da estrada. Pero, ademais, tamén constitúe o viario que permite desviar do casco urbano de Ordes o tráfico entre a estrada nacional N-550 e a AP-9, conformado xunto coa tamén estrada autonómica AC-524 unha variante Este do núcleo urbano. E contribuíndo por tanto a unha mellor calidade de vida e menores molestias á capitalidade do concello.

Terceiro.- O Concello de Ordes manifesta a necesidade e urxencia da renovación do firme do vial principal do polígono de Merelle AC-408 entre os pp qq 2+130 e 2+580 (enlace coa N-550). Dito treito, con numerosas fisuras e deformación no pavimento, xera un entorno perigoso para a seguridade viaria tendo en conta o tráfico maioritariamente constituído por vehículos pesados, algúns mesmo transportan mercadorías perigosas. A Axencia Galega de Infraestruturas, titular de case 5.500 quilómetros de estradas, non conta con actuar no firme deste treito na súa planificación a curto prazo, xa que a súa prioridade son os treitos con características máis interurbanas.

Cuarto. O concello de Ordes está interesado en anticipar a rehabilitación do firme deste treito o antes posible, e conta coa posibilidade de financiar esta actuación de conservación e mantemento con cargo á unha subvención concedida pola Consellería de Economía, Industria e Innovación. En concreto, á recollida na resolución do 4 de xullo de 2023 pola que se lle concede unha subvención para a habilitación e mellora de infraestruturas do seu parque empresarial, ao abeiro da Orde do 14 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e procédese á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 1, do 02.01.2023). Expdte. IN519B 2023/45-0. Así, e con este financiamento, poderase levar a cabo a obra de "Mellora do firme do vial principal do polígono de Merelle AC-480", centradas no fresado da plataforma e na reposición con formigón bituminoso na propia AC-408 e nos tres entronques do treito. Tamén se prevé a reposición da sinalización vertical e o repintado dos pasos de peóns.

Quinto. Con carácter xeral, a cooperación entre a administración autonómica e as entidades locais se regula nos artigos 194 e 195 da Lei de Administración Local de Galicia. O artigo 194.1 establece que "As relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, tanto nos asuntos locais como nos asuntos de interese común, desenvolveranse



con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis.” Pola súa banda, o artigo 195 engade que “A colaboración e cooperación poderán realizarse mediante:..... h) A subscrición de convenios. ”

Engade o artigo 198 desta lei que “A través dos Convenios de cooperación, as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuír as subvencións outorgadas por unha delas con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores.”

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións para o fin mencionado, motivo polo que se formaliza o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ordes que permitan a coordinación da execución das obras realizadas nun treito autonómico da AC-408 ao abeiro do proxecto “Mellora do firme do vial principal do polígono de Merelle (AC-408).

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

En relación co obxecto do convenio, o Concello de Ordes asume os seguintes compromisos:

1.- Coordinarse coa Axencia Galega de Infraestruturas durante a execución das obras, de modo que estas se poidan acometer de modo axeitado de acordo coa realidade material no seu trazado, e se poidan realizar os axustes precisos en caso de aparición de circunstancias non previstas no proxecto.

2.- Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a finalización e recepción das obras. A data desta comunicación será a que determine o nacemento das obrigas asumidas



pola Axencia Galega de Infraestruturas ao respecto da explotación, mantemento e conservación, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

3.- Formalizar a acta de entrega das obras á Axencia Galega de Infraestruturas no prazo de dous meses dende a data da súa recepción.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

En relación co obxecto do convenio a AXI asume os seguintes compromisos:

1. Poñer a disposición do concello de Ordes libre de cargas e gravames o treito do vial AC-408 de titularidade autonómica que sexa necesario para a normal execución das obras, así como a reposición de servizos e servidumes afectados que non fosen identificados durante a redacción do proxecto. Coa formalización deste convenio entenderase realizada esta posta a disposición.

2. Asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación do concello de Ordes a titularidade destas e, polo tanto, a explotación, mantemento, conservación e demais dereitos e obrigas inherentes á condición de titular.

3.- No ámbito das súas facultades colaborar co Concello de Ordes no desenvolvemento das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultade ou problema que poida xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión o logro dos obxectivos que se pretenden acadar con esta actuación.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da AXI e un representante do Concello de Ordes para:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio e adoptará o seus acordos por unanimidade das partes.



Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

SEXTA. MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre as partes asinantes e levarase a cabo a través da sinatura de correspondente addenda ao convenio.

SÉTIMA. RESOLUCIÓN

Será causa de extinción automática do convenio o cumprimento do seu obxecto ou o transcurso do seu prazo de vixencia.

O convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes

OITAVA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30, do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149, do 3 de agosto).





NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efectos dende a súa sinatura e a súa vixencia manterase ata a recepción das actuacións polo concello. En todo caso a eficacia do presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2023.

E para que así conste e en proba de conformidade asinan electronicamente o presente documento

A conselleira de Infraestruturas e
Mobilidade

O Alcalde do Concello de Ordes

Ethel M^a Vázquez Mourelle

José Luís Martínez Sanjurjo

